



PROGRAMA ELECTORAL DO BNG

EUROPEAS 2014



CORAZÓN NA GALIZA
FUTURO NA TERRA
REBÉLATE POLOS TEUS DEREITOS!

ÍNDICE PROGRAMA ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO 2014

PARA O POBO GALEGO DEFENDER OS SEUS DEREITOS E DECIDIR SOBRE O SEU FUTURO

I. O MODELO DE CONSTRUCCIÓN DA UNIÓN EUROPEA

1. A integración do Estado español de costas aos intereses da Galiza
2. O impulso á construción neoliberal da UE a raíz do Tratado de Maastricht e da creación do euro
3. Tratado de Lisboa como reforzo do modelo europeo a prol da expansión do capital financeiro, a xerarquización e a desigualdade

II. A UNIÓN EUROPEA NEOLIBERAL ANTE A CRISE ECONÓMICA

1. As desigualdades sociais medran pola xestión da crise
2. A concentración económica que arruína as economías da periferia
3. A intervención das institucións da Unión Europea aboca ao retroceso dos dereitos sociais
4. A Unión Europea crea diferenzas de xénero e fomenta a discriminación

III. AS CONSECUCIAS DESTE MODELO DE UNIÓN EUROPEA: UNHA SERIA AMEAZA PARA A COHESIÓN SOCIAL

1. A política antisocial que impulsa a UE
2. O avance antidemocrático na Unión Europea
3. A uniformización lingüística e cultural fronte ao respecto pola diversidade
4. Un modelo insustentábel desde a perspectiva ambiental, enerxética e territorial
 1. Defendermos a capacidade real de decisión sobre os recursos naturais da Galiza
 2. A cohesión territorial
5. Contribución da Unión Europa a unha orde internacional desigual e xerarquizada
 1. A prol dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na solidariedade dos pobos.

IV. O BNG, A ALTERNATIVA NECESARIA PARA A SUPERACIÓN DA ACTUAL UE

V. O DEVALAR DA GALIZA NA UE

1. A perda de capacidade produtiva e emprego na Galiza
2. O remate da marxinación do sector pesqueiro galego
3. Defensa do agro galego e aposta pola soberanía alimentaria
4. Refrotamento do sector naval galego
5. O principio de cohesión na política tecnolóxica e de fondos europeos
6. Galiza con voz propia na Unión Europea

PARA O POBO GALEGO DEFENDER OS SEUS DEREITOS E DECIDIR SOBRE O SEU FUTURO

As políticas deseñadas e executadas neste extenso período de crise económica están a provocar que o deterioro económico e social, lonxe de ser conxuntural, produto dunha época para superar a destrución do sector financeiro, remate por se converter nun elemento estrutural e permanente do sistema.

A prolongación da crise económica non é casual; moi ao contrario, está inserta nunha estratexia destinada a consolidar o dominio do capital financeiro. Para isto precísase unha concentración do poder económico, que ademais leve parello unha centralización das decisións políticas, sempre subordinadas aos intereses do capital. A Unión Europea desempeñou nestes anos un papel crucial para que esa estratexia se leve a cabo. Foi a promotora da imposición das políticas económicas que fraguaron o rescate do capital financeiro, a costa das maiorías sociais. Por outra parte, estas políticas crearon as condicións para consolidar o dominio sobre os pobos.

As políticas neoliberais, caracterizadas por romper a cohesión social e privilexiar os intereses do capital, tiveron nas institucións da Unión Europea un amplo eco. A resonancia destas políticas foi amplificada a través dos gobernos do Estado español, xa que a execución das políticas antisociais contrarias aos intereses das clases populares galegas é exercida directamente, e imposta finalmente, desde as instancias do Estado español. Por outra parte, a inserción dependente e subordinada da Galiza na estrutura política e institucional do Estado español é a principal causa de que os efectos das políticas de desigualdade, discriminación e opresión das maiorías sociais sexan máis agravados no caso galego. O seu impacto afecta de cheo ás clases populares, aos elementos estruturais e aos sectores básicos e estratéxicos para a supervivencia económica da nosa nación.

Por iso, no actual contexto o BNG defende o noso dereito a decidir, a conquistar a soberanía para poder reaxir directamente, eliminar a dependencia do Estado español e contribuír a mudar o deseño da UE, tan prexudicial para nós. O único xeito de superar a situación actual é a través de políticas propias, sen subordinacións, que permitan o desenvolvemento dos nosos sectores produtivos e favorezan a xustiza social. Son precisas, pois, políticas ao servizo do pobo galego, que xeren emprego digno e na terra. Urxe rematar co éxodo xuvenil provocado polas políticas da Unión Europea, que levan á nosa nación cara ao suicidio demográfico con máis de 100 mil mozos e mozas que emigraron da Galiza nos últimos cinco anos e unha media de 72 mozos e mozas que marchan fóra cada día na procura dunha vida digna que se lles está a negar na propia terra. O combate contra ese deseño neoliberal antisocial non pode dissociarse dos nosos intereses nacionais, tanto por padecermos en maior intensidade os seus efectos ao vírennos impostas as decisións por un estado que nos concede un rol dependente, como porque só comprendendo a nosa realidade, confiando nas nosas capacidades e potencialidades, poderemos afrontar con maior eficacia a loita para levar avante políticas a prol dos intereses das maiorías sociais da Galiza.

Esa conquista é a que temos que afianzar para que sexa o pobo galego quen actúe conscientemente e de xeito directo contra as novas formas de dominio económico do capital financeiro transnacional. Así, ante o inmediato marco das eleccións europeas, o avance desa estratexia concrétese en garantir a presenza do nacionalismo galego, a través do BNG, nas institucións europeas:

- Por sermos a única garantía de que Galiza teña unha voz directa e crítica co modelo de UE neoliberal, para contribuírmos á súa superación desde unha perspectiva galega, democrática e popular.
- Para avanzarmos no recoñecemento da existencia política da Galiza como nación, e no seu dereito a decidir por si mesma e participar directamente nos foros onde se tomaren decisións que lle afectaren.
- Por sermos unha organización política valedora dos intereses das clases populares e dos movementos sociais da Galiza, así como dos sectores produtivos da economía galega, para frear a destrución a que este modelo de UE os aboca.

I. O MODELO DE CONSTRUCCIÓN DA UNIÓN EUROPEA

1.- A integración do Estado español de costas aos intereses da Galiza

O BNG sempre tivo unha posición crítica ante o desenvolvemento do modelo de construción europea. Así, o BNG mantivo posicións contrarias á entrada do Estado español na CEE, ao Tratado de Maastricht e á Constitución Europea. Este proceso non só non recoñece a nosa condición nacional senón que está ao servizo dos intereses económicos oligopólicos, que é lesivo para as maiorías sociais e os principais sectores produtivos galegos.

No ano 1989 o BNG analizaba, na súa IV Asemblea Nacional, que “a integración na Comunidade Europea, tantas veces denunciada polo nacionalismo como negativa para os intereses da Galiza, está producindo efectos que acentúan a marxinação do noso país. Á desindustrialización do sector naval, iniciada na etapa de adecuación do sistema produtivo á disciplina imposta polas exixencias comunitarias, seguiu a destrución da siderurxia, a progresiva implantación de trabas tendentes a minguar a capacidade produtiva do sector pesqueiro, a penetración de transnacionais que limitan as posibilidades dun futuro desenvolvemento autóctono no pequeno e medio comercio.”

A actual crise corrobora o atinado destas análises, pois aínda que esta é a crise do neoliberalismo económico, tamén é a crise do modelo de integración económica e monetaria auspiciado pola Unión Europea, que amosa os seus efectos máis devastadores na periferia europea. A reacción da UE ante a crise tampouco deixa lugar a dúbidas sobre os intereses aos que obedece, e que o BNG tantas veces ten denunciado. Rapidamente se deseñaron rescates bancarios para salvagardar os intereses do capital financeiro a costa de empobrecer as maiorías sociais.

2.- O impulso á construción neoliberal da UE a raíz do Tratado de Maastricht e da

creación do euro

O BNG opúxose ao Tratado de Maastrich (1992) que crea a Unión Europea, mesmo realizando intensamente unha campaña informativa dirixida a explicar os seus efectos. O Tratado supoñía un forte impulso á construción neoliberal da UE, co avance na integración económica e a unión monetaria, a imposición de corsés sobre instrumentos para a elaboración de políticas públicas como o déficit e débeda públicos, a potenciación da economía financeira especulativa, a deslocalización produtiva e a destrución da capacidade produtiva na periferia, o que agravaba a dicotomía centro-periferia e consagraba a Europa das dúas velocidades.

O decurso do tempo confirmou as análises críticas. A creación do euro como moeda única non contribuíu a avanzar na corrección dos desequilibrios na zona euro e o déficit comercial dos estados menos competitivos aumentou notabelmente. No propio Estado español, a adopción do euro foi acompañada dun déficit comercial que atinxiu o 10 por 100 do Produto Interior Bruto antes de estalar a crise económica, unha porcentaxe que dificilmente se acadaría de non se adoptar o euro.

Ao tempo que o déficit comercial da periferia europea aumentaba, foron outros estados -como Alemaña- os que se beneficiaron dun incremento do superávit. Así pois, o avance da integración monetaria vén acentuando as contradicións, pois a riqueza e o PIB a nivel comunitario vaise concentrando cada vez máis nunha área relativamente reducida.

Finalmente, nin o Tratado de Maastricht nin as súas secuelas e instrumentos de aplicación contaron con ferramentas para corraxir os crecentes desequilibrios na zona euro, senón que se incorporaron ríxidos mecanismos de estabilidade e control do déficit. Dese xeito, os recortes salariais e a rebaixa nas condicións laborais convertéronse na ferramenta para mellorar a competitividade nas áreas periféricas, co que é a clase traballadora a quen se lle impoñen maiores sacrificios.

3.- O Tratado de Lisboa: un reforzo do modelo europeo a prol da expansión do capital financeiro, a xerarquización e a desigualdade

Tamén contou coa oposición do BNG o Tratado Constitucional, reconvertido en Tratado de Lisboa (2007) despois de que a poboación de Irlanda e Francia rexeitasen o Tratado constitucional, o que supón unha clara fraude democrática. Este tratado supuxo un novo chanzo nesta estratexia neoliberal. Insístese na aplicación dogmática do Pacto de Estabilidade, imponse un apertado e absurdo cinto á acción do sector público, amplíanse as competencias do Banco Central Europeo (BCE) -que non rende contas perante ningún órgano democrático- ou aténtase contra os dereitos laborais.

Deste xeito, a UE sitúase na vangarda á hora de impulsar políticas dirixidas a favorecer os intereses do gran capital e contrarias ás maiorías sociais. Mesmo a propia UE é moitas veces o instrumento para comezar a aprobar medidas antisociais e impopulares, que logo son

executadas polos estados membros, mais que estes non ousarían promover inicialmente polo seu rexeitamento social. Desde que se aprobou o Tratado de Lisboa, temos moitos exemplos que o confirman:

- A aprobación da “Directiva Bolkenstein” ou “Directiva de Servizos” implicou unha forte liberalización e desregulación dos servizos, reducindo drasticamente moitas garantías e a protección dos dereitos da cidadanía e das persoas consumidoras; por outra parte, limitouse fortemente a capacidade reguladora dos estados e das comunidades autónomas sobre todas as actividades terciarias. O Estado español traspuxo esta directiva afondando no seu aspecto máis liberalizador e recortando aínda máis as competencias das CCAA en materias tan importantes como o comercio e outros servizos.
- A incorporación do concepto de competitividade como elemento central para deseñar as políticas sociais e laborais, colocando nun segundo plano os criterios de protección social e equidade.
- A aprobación da “Directiva de retorno de inmigrantes” a chamada directiva da vergoña, pola cal as persoas inmigrantes “sen papeis” poden pasar até 18 meses retidas en centros de internamento mentres se tramita a súa expulsión.
- A orientación destas medidas tórnase contraria a unha estratexia de avance cara a unha igualdade real entre homes e mulleres, en canto impide de facto que se poidan aplicar políticas favorecedoras da igualdade no ámbito laboral –por se tornaren aínda máis precarias as condicións de traballo- ou a avanzar nos dereitos de conciliación da vida laboral e familiar.
- A imposición dun modelo universitario guiado polo Plan Boloña, nunha liña de uniformización cultural e de mercantilización do ensino superior, cuestionando o dereito universal ao ensino público.

II. A UNIÓN EUROPEA NEOLIBERAL ANTE A CRISE ECONÓMICA

1.- As desigualdades sociais medran pola xestión da crise

As iniciativas desenvolvidas desde a Unión Europea como resposta á crise constatan o deseño antisocial deste modelo europeo, e indican con clareza as prioridades e os intereses a que obedecen: auxiliar o sector financeiro sacrificando o benestar das persoas. Aínda foron máis alá, ao aproveitarse do “crack” bancario para avanzar na construción europea neoliberal, asentada na libre circulación de capitais, que favorece a especulación financeira e penaliza as economías produtivas, singularmente a periferia europea. Asemade, esta construción neoliberal tamén se afana en facer retroceder dereitos e conquistas sociais gañadas durante décadas polas clases populares.

O reforzo das políticas neoliberais en Europa após da crise, baseadas en “rescates” a determinados estados para estes, á súa vez, rescataren a banca privada a cambio de implantar recortes directos e severos nas políticas sociais, deitan como resultado un

incremento exponencial da pobreza. Existe un terzo máis de persoas abocadas a non teren recursos económicos básicos, cunha situación particularmente crítica naqueles estados que aplicaron os programas de rescate do sistema financeiro urdidos por institucións comunitarias (Comisión Europea, Banco central Europeo) en comanda co Fondo Monetario Internacional.

Xa antes do estoupido da crise económica de 2008, as políticas neoliberais da Unión Europea estaban a provocar fondas desigualdades sociais. Os datos estatísticos oficiais revelan que nesa data, logo dunha década da aplicación da ortodoxia económica monetarista e da intensificación da liberalización mercantil, un 17 por 100 da poboación estaba en perigo de exclusión social. A finais de 2012 esa cifra atinxe case o 25 por 100, o que significa que 124 millóns de persoas que viven nos 28 estados que conforman a UE na actualidade están en condicións de precariedade económica extrema.

2.- A concentración económica que arruína as economías da periferia

A decidida aposta emprendida desde a Comisión Europea e o Banco Central Europeo a prol do rescate de estados da periferia europea ten a súa razón na defensa do euro. Esta defensa está a beneficiar en exclusiva, hoxe en día, o gran capital dos países centrais, así como as grandes corporacións transnacionais.

A crise destapou as miserias da construción da moeda única europea, un proxecto que, con apenas unha década de vixencia, amosa enormes fendas, en gran parte pola contradición de pretender abeirar baixo un mesmo patrón monetario economías en situacións totalmente diverxentes.

Porén, a crise non está a provocar unha reflexión a fondo sobre a utilidade do euro para unha boa parte das economías dos pobos de Europa (que como Galiza, non forman parte do eixo económico central) e para as maiorías sociais. Estase a acelerar a concentración e control económico por parte das institucións europeas, ao servizo dos intereses do capital financeiro e os oligopolios empresariais. Eses grandes beneficiados da implantación do euro aproveitaron neste período de crise todos os resortes non só para evitaren o fiasco do euro, senón para afianzar mecanismos que concentran en institucións sen lexitimidade democrática os designios da política económica.

Como resultante, agora cada vez atesoura máis capacidade de decisión unha “tecnocracia” que exerce unha política económica virada cara ás elites financeiras e ás corporacións monopolistas, e que escapa de toda posibilidade de control por parte de poderes públicos elixidos democraticamente. Ás políticas de regulación directa sobre sectores produtivos económicos exercidas desde esa unión europea tecnocrática, que na Galiza padecemos -pois discriminaron historicamente os nosos sectores estratéxicos-, ao control de decisións económicas relevantes imposto desde o ámbito da fiscalización das axudas públicas que se exerce desde a Comisión Europea, engádese o reforzo dunha política monetaria ao servizo da

gran banca privada e deseñada cada vez máis autonomamente polo Banco Central Europeo. É xustamente o Banco Central Europeo o que suma, ademais, as competencias da supervisión bancaria, o que implica un novo control directo sobre a intermediación do aforro e o investimento desde a atalaia europea, desprovendo de capacidade de actuación nese ámbito o poder político que exerce a representación democraticamente. Ao mesmo tempo, é curioso como parte da banca pública alemá fica fóra destes novos mecanismos de control europeos, o que demostra, máis unha vez, que o poder político dentro da UE agride en primeiro lugar os países periféricos como Galiza.

Non é casual que a crise sexa especialmente grave en pobos da periferia europea, pois o deseño da Unión Europea axudou a unha concentración da riqueza e actividade económica nos países do centro, a costa do paulatino declive económico do tecido produtivo e financeiro da periferia.

O papel do Banco Central Europeo, disfrazado de tecnocrático, mais ao servizo do capital financeiro, mostrouse ineficaz para asegurar financiamento aos estados (para manter os servizos públicos básicos) e para dar crédito á economía produtiva. De feito, non é sequera prestamista de último recurso dos estados, o que fai que as institucións públicas dependan do sector privado para o seu financiamento. Isto supón un auténtico festín para a banca privada europea que ten acceso ao diñeiro ao tipo de xuro oficial, neste momento do 0,25%, e pode mercar débeda pública a tipos de xuro moi superiores. Por outra parte, a UE encárgase de que esta sexa a prioridade de pago por parte dos estados, co cal o negocio é redondo para a banca e ruinoso para o sector público.

3.- A intervención das institucións da Unión Europea aboca ao retroceso dos dereitos sociais

Foi constante, neste período de crise, a intervención de institucións da Unión Europea para consolidar unha política económica regresiva socialmente. Tamén o colapso económico deu pé a unha alianza entre o Banco Central Europeo, a Comisión Europea e o Fondo Monetario Internacional (a Troika) que tivo como principal obxectivo orientar a política económica, non xa a través das importantes competencias que van gañando, senón mesmo coa inmersión na política social e laboral dos gobernos dos estados e pobos de Europa.

Os plans de axuste impostos por estas institucións -tamén as “Recomendacións” aínda que sen esa forza coercitiva mais si ameazadora- sempre tiveron como fío común a laminación de dereitos e conquistas sociais, o recorte no sistema público de benestar social e a anulación da intervención directa desde o eido público na actividade económica.

A deriva antidemocrática da UE tamén se manifesta nesa opaca confección das directrices económicas que impoñen novos axustes económicos. A isto hai que acrecentar a posterior actuación, para asegurar a súa aplicación, dos “homes de negro”, de cuxas actuacións non dan conta a ninguén nin poden ser fiscalizadas por ningún organismo conformado por

representantes elixidos directamente polo pobo.

4.- A Unión Europea crea diferenzas de xénero e fomenta a discriminación

A Unión Europea leva tempo a se construír sobre as bases de políticas neoliberais que acrecentan o dominio e a explotación como piares que logo se traducen en políticas involucionistas con graves repercusións en ámbitos moi diferentes; son así cada vez maiores as desigualdades de clase, as territoriais, e ninguén pode negar que se está a producir un reforzamento dunha xa importante fenda de xénero. As políticas antisociais e regresivas volven a lles conceder ás mulleres valores tradicionais e a consideralas cidadás de segunda, cunha mingua clara dos seus dereitos e unha cada vez maior desigualdade. Especial importancia está a cobrar nalgúns estados a involución que se pretende ao non garantir os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e negarlles a capacidade de decidiren sobre os seus corpos. Exixir a consideración de dereitos humanos básicos para os sexuais e reprodutivos será un dos labores fundamentais do BNG, que tamén inclúe entre os seus principais obxectivos combater a violencia de xénero e loitar contra o patriarcado.

II. AS CONSECUENCIAS DESTE MODELO DE UNIÓN EUROPEA: UNHA SERIA AMEAZA PARA A COHESIÓN SOCIAL

1.- A política antisocial que impulsa a UE

A Unión Europea, en sentido estrito, exerce unha política social limitada. Porén, si que actúa de xeito determinante sobre as políticas sociais dos estados, basicamente co control imposto ás finanzas públicas, que se ven cada vez máis limitadas para financiaren servizos públicos básicos. Xa que logo, aínda sendo desenvoltas as políticas sociais polos estados membros, é a Unión Europea quen vai impondo un desmantelamento dos sistemas públicos de servizos sociais a través das competencias que exerce en materia de política económica e monetaria.

A resultas diso, o proceso de construción europea está a supor un incremento das desigualdades sociais. Por unha banda, como se dixo, a concentración económica e da riqueza dispara as desigualdades de renda, e por outra banda, as impostas e autodenominadas “políticas de austeridade”, acuñadas desde as institucións comunitarias como resposta á crise económica, son en realidade un ariete para a destrución do benestar. Realmente o que se aplican son políticas de recortes de servizos básicos, nun momento, ademais, en que son imprescindíbeis pola maior porcentaxe de poboación en situación de vulnerabilidade.

Tamén da perspectiva laboral, a Unión Europea o que patrocina é tanto a destrución como a precariedade no emprego. En primeiro lugar, polo seu patrocinio da deslocalización produtiva, ao abandeirar acordos que aceleran o traspaso de actividade produtiva cara a terceiros países que apenas teñen protección laboral. En segundo lugar, polo incentivo tanto da redución salarial como de modalidades de traballo que fan aumentar a inestabilidade

laboral e tamén a aparición do fenómeno de persoas con traballo en risco de exclusión social. Isto é, as actuais condicións de emprego impulsadas polas políticas económicas da UE, cada vez máis precarias, aumentan o risco de pobreza, non só de quen carece de traballo, senón mesmo das persoas en activo. Cada vez está máis presente o escandaloso feito de que na UE o número de persoas que son pobres -a pesar de teren un traballo- está a achegarse aos 14 millóns de persoas, ou que a taxa de pobreza de traballadores/as temporais xa se sitúe por riba do 10 por 100.

Para alén disto, estas políticas son especialmente gravosas para a mocidade en Galiza, pois con máis do 50 por 100 de desemprego xuvenil, fica condenada á explotación e a baixos salarios porque o pouco traballo que hai é cada vez en maiores condicións de precariedade, froito das reformas aplicadas polo bipartidismo español seguindo as recomendacións da Unión Europea.

Ante esta evidencia da orientación desde a UE dunha política social regresiva, que se implanta acompañadamente en todos os estados membros, e onde son as persoas traballadoras as que están a pagar o prezo da crise, o BNG propondrá as seguintes medidas:

- Introducir unha renda social europea, que teña como obxectivo impedir os actuais procesos de empobrecemento de amplas capas da poboación e asegurar unha calidade de vida digna.
- Recuperar a misión reguladora e estabilizadora dos poderes públicos na actividade económica, e que a intervención pública no seo da UE garanta que os seus beneficiarios principais sexan as persoas traballadoras, así como as pequenas e medias empresas que forman parte do tecido produtivo básico de cada territorio.
- Introducir criterios e obxectivos de achega á política social por parte do sector público en toda a UE, para o seu cumprimento obrigatorio e que sexa preferente face aos indicadores macroeconómicos das finanzas públicas.
- Aplicar un marco común na política impositiva, que avance na progresividade fiscal e no control das grandes fortunas:
 - Erradicar os paraísos fiscais na UE e limitar os movementos de capitais cara a paraísos fóra da UE.
 - Gravar as transaccións financeiras especulativas.
 - Revisar a política tributaria sobre o consumo, particularmente coa redución de tipos impositivos do IVE e a ampliación dos produtos de primeira necesidade sometidos aos tipos superreducidos.
 - Asegurar a coordinación para a tributación das grandes corporacións empresariais, para impedir a evasión fiscal e a súa xusta contribución en función dos beneficios obtidos.
- Orientar a política do Banco Europeo de Investimentos de xeito prioritario cara a proxectos dirixidos á mellora do benestar e a cohesión social e á xeración de emprego.
- Procurar unha regulación laboral xusta, que garanta a recuperación do poder

BNG – BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PROGRAMA ELECCIÓN EUROPEAS 2014

adquisitivo das clases traballadoras, que impida a extensión de modalidades de contratación laboral que fomentan a precarización laboral, así como eliminar as actividades das empresas de traballo temporal que xestionan a cesión de traballadores e traballadoras.

- Defender a implantación da xornada laboral de 35 horas, así como a eliminación de horas extras, para avanzar nas condicións de vida dignas e aumentar o número de postos de traballo, promovendo a incorporación de xente moza ao emprego.
- Avanzar nunha racionalización dos horarios laborais, coa paulatina implantación de xornadas continuadas a fin de promover un mellor reparto dos horarios e a conciliación da vida laboral coa familiar.
- Apostar pola protección social pública, tanto co reforzo dos sistemas de desemprego, e sobre todo co apoio dos sistemas públicos de pensións baseados no reparto xeracional, e a eliminación dos incentivos aos plans e seguros privados de pensións, así como a derogación do atraso da idade de xubilación por atrasar a incorporación de xente moza ao emprego.
- Crear parques de vivendas públicas en aluguer, constituído a partir das vivendas propiedade das entidades financeiras rescatadas con axudas europeas, para facilitar o acceso de persoas con baixas rendas, mozas, desempregadas, familias monoparentais etc.

No eido dos servizos públicos, o BNG traballará por impedir a súa mercantilización progresiva, mantendo a garantía pública destes. En concreto, o BNG propón:

- Recoñecer os dereitos sociais como fundamentais, incorporando as garantías para o seu exercicio.
- Frear a mercantilización do ensino en todos os niveis, particularmente no superior, retomando a aposta por unha universidade pública, galega e de calidade educativa e investigadora, cunha política antagónica á mercantilización, elitización e uniformización que supuxo a implantación do Plan Boloña.
- Manter o programa de axudas ao estudantado Erasmus, destinando o seu montante de xeito preferente a bolsas, modificando a tendencia a conceder préstamos e prácticas laborais.
- Garantir, no actual contexto, o financiamento directamente desde o Banco central dos estados, co obxectivo de evitar que, para manter servizos público, o sector público teña que acudir aos mercados financeiros. Só así poderemos combater a ditadura dos mercados sobre o sistema público de benestar.
- Abdicar das propostas de privatización dos servizos sanitarios e establecer o control público das multinacionais da industria farmacéutica, particularmente para garantir o acceso a toda a poboación dos avances científicos.
- Derrogar a Directiva de Servizos, e apostar claramente pola consideración do carácter públicos dos servizos básicos para as persoas, entre eles, a educación, a sanidade e os servizos sociais.
- Considerar o deporte como ferramenta de mellora da saúde, de potencialidades

económicas e de promoción da identidade dos pobos, apostar polo seu fomento na educación, apoiar o deporte amador, limitar as actividades especulativas no deporte profesional, combater a dopaxe, aplicando a “tolerancia cero”. Recoñecer as seleccións deportivas das nacións a nivel internacional, en concreto, para que Galiza poida participar nas competicións de carácter oficial.

2.- O avance antidemocrático na Unión Europea

Desde a súa configuración inicial, o proceso de construción europea destacou tamén pola súa natureza antidemocrática, dado que as estruturas institucionais comunitarias non gozan de ningunha lexitimidade democrática. Cedéronse cada vez máis competencias a institucións europeas sen control democrático. Dese xeito a UE converteuse, en moitas ocasións, na coartada para limitar as garantías xurídicas e os estándares laborais e sociais, e as decisións foron cada vez máis alleas e afastadas da cidadanía.

Na actualidade asistimos á visualización máis nidia dun proceso de construción e integración europea xerarquizada, que actúa como un poder supraestatal, ao ditar unha política económica antisocial e contraria ao desenvolvemento autocentrado das nacións sen estado. Ese deseño é contrario a unha Europa dos pobos, embora conta coa complicidade de estados, como o español, que aplican tamén unha política centralista, que nega os dereitos das nacións reais que o conforman, e que, como resultado, ocasionou moi graves consecuencias para a base material e produtiva da nosa economía.

A arquitectura institucional en que se asenta a Unión Europea é antidemocrática, tanto porque os seus principais centros de decisión actúan á marxe de poderes públicos con lexitimidade democrática, como por adoptar decisións baseadas en procedementos opacos, permeábeis á influencia de lobbies que representan os intereses das grandes corporacións económicas.

Por unha banda cobran cada vez máis poder institucións que actúan totalmente á marxe de controis públicos, caso do Banco Central Europeo que dirixe a política monetaria en exclusiva ao ditado da gran banca privada, nomeadamente da alemá.

Por outra banda, as institucións onde hai representantes elixidos/as pola cidadanía, como é o Consello de Ministros da Unión Europea, adoptan as decisións sen contaren con procedementos regrados e transparentes cara á cidadanía. Fano baseándose en debates e negociacións cuxo contido se mantén en segredo, o que implica que escapen a calquera control político e público.

Este deseño está a revelarse como o ideal para avanzar nun modelo económico e social feito á medida dos intereses dunha elite económica e empresarial, que ten como consecuencias a imposición de fondas desigualdades económicas, territoriais e sociais. E isto acontece non só a través da adopción de medidas directas no ámbito europeo que sexan de posterior

BNG – BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PROGRAMA ELECCIÓN EUROPEAS 2014

execución a nivel de cada estado, senón mesmo do veto á posta en práctica de medidas alternativas á doutrina económica neoliberal. Isto é o que ocorre coa derivación da aplicación férrea do Pacto de Estabilidade, que serve de pretexto para prohibir a estados e nacións levaren adiante políticas económicas alternativas á doutrina neoliberal. Bo exemplo disto foi a orde de aprobar, no Estado español, unha reforma exprés da Constitución de 1978, para consagrar como prioridade o pagamento da débeda pública por riba de atender o financiamento de servizos públicos básicos.

A Unión Europea é o paradigma da emerxencia da “tecnocracia” como nova forma de autoritarismo. As decisións adoptadas en organismos, con amplas capacidades, mais dirixidos por persoas que non teñen extracción no sistema democrático representativo, preséntanse como inapelábeis. Como correlato, teñen tamén que restrinxir as alternativas políticas que defenden outro modelo económico e social. Ao mesmo tempo, esta natureza antidemocrática cobra aínda máis forza nos últimos anos coa remuda dos gobernos italiano e grego para colocar “tecnócratas” e asegurar a aplicación das políticas impostas pola Troika por riba da soberanía destes dous estados.

Nese marco, a función da Unión Europea non fica só na imposición dun determinado modelo económico e social, que fai medrar as desigualdades, senón tamén en favorecer unha restrición de dereitos civís e políticos, como acontece coa lexitimación da represión das protestas.

No marco dos dereitos cívicos e democráticos, o BNG defenderá, no actual contexto, do punto de vista institucional, avanzar cara á democratización das institucións europeas, con medidas como as seguintes:

- A transparencia no proceso de toma de decisións do Consello de Ministros e da Comisión Europea, obrigando a publicar todos os procesos deliberativos previos á toma de decisión.
- Canto a *lobbies* e grupos de interese, aprobar medidas que impidan de xeito efectivo que grupos vinculados a intereses económicos inflúan nos procesos de toma de decisións.
- O control directo e a dación de contas da Comisión Europea e do Consello de Ministros da UE perante o Parlamento europeo, que terá funcións para censurar e revogar as súas decisións.
- Un maior protagonismo do Parlamento europeo, tamén no eido da fiscalización ampla doutras institucións comunitarias.

Desde a perspectiva da ampliación de dereitos civís e políticos, o BNG tamén propondrá en Europa:

- Derrogar as directivas sobre retorno da inmigración, que penalizan a permanencia de persoas inmigrantes en situación de desemprego.

- Favorecer a regularización de todas as persoas que traballan no ámbito da UE, así como unha nova política baseada na integración e dereito ao acceso dos servizos públicos de todas as persoas inmigrantes.
- Reformar a fondo o Acordo de Schengen, que lexitima as políticas regresivas que dificultan a permanencia legal e integración das persoas inmigrantes.
- Defender políticas favorábeis ao retorno de persoas emigrantes, para estas poderen ter opcións reais de regreso á terra.
- Apostar pola práctica de políticas de tolerancia, igualdade e concienciación social fronte ás discriminacións raciais, étnicas, sexuais, relixiosas ou sociais.
- Garantir o exercicio do dereito de asilo e asistencia ás persoas refuxiadas.
- Equiparar xuridicamente as distintas formas de convivencia estábel, no respecto das distintas opcións sexuais e na erradicación das discriminacións por mor da orientación sexual.
- Defender o laicismo e a aconfesionalidade como valores comúns do conxunto da UE.
- Implementar a escala europea un Centro de Memoria antifascista de carácter público, co obxectivo de levar a termo políticas públicas de lembranza da barbarie fascista en todo o territorio europeo. Entre outros cometidos, este centro incentivaría en todos os estados e nacións da UE a recuperación e socialización de lugares de memoria vinculados á represión e á resistencia antifascista, e o deseño de itinerarios transnacionais cos anteditos lugares de memoria como puntos de referencia.
- Revisar o predominio da política prohibicionista sobre drogas, actuando a nivel europeo nos seguintes ámbitos: a mellora da situación das persoas consumidoras e as súas familias, a través do incremento dos programas dedicados ao tratamento de drogodependentes que desexaren abandonar a adicción; a integración da política de drogas na política xeral de consumo e sanidade; e o inicio dun debate amplo para seren avaliadas as consecuencias da política seguida até o de agora e onde se aposte por unha nova política sobre drogas realista onde se valoren alternativas que propugnan a distribución controlada de determinadas substancias (marihuana) polas autoridades públicas.

3.- A uniformización lingüística e cultural fronte ao respecto pola diversidade

As políticas neoliberais perseguen unha uniformización e homoxeneización que atacan directamente a diversidade lingüística e cultural. Cómpre garantir unha construción baseada no feito de pertencermos a un mundo plurilingüe e pluricultural co compromiso de respectar, antes de máis nada, un desenvolvemento que parta do principio de orgullo, dignidade e capacidade de todas as linguas e culturas e potencie, de maneira especial, aquelas dominadas ou relegadas a un papel secundario.

Cobran especial relevancia o recoñecemento e difusión dos dereitos lingüísticos no ámbito da UE, especialmente das linguas minorizadas, como xeito de dar máxima proxección á diversidade cultural e lingüística en Europa.

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, aprobada polo Consello de Europa, implica compromisos canto á protección das linguas propias.

O BNG procurará a través da súa presenza no Parlamento Europeo conseguir que a Unión Europea asuma como propios os compromisos adquiridos na Carta, de xeito que teñan carácter prescriptivo:

- Garantir que se cumpran os obxectivos da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias.
- Asegurar urxentemente que se cumpran os obxectivos da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias nos ámbitos do ensino e dos medios de comunicación, derogando as normas que contraveñen o disposto nesta.

4.- Un modelo insustentábel desde a perspectiva ambiental, enerxética e territorial

A protección ambiental nunca foi un elemento central do proxecto da Unión Europea, senón que ocupa un lugar subordinado ás políticas baseadas na creación dun mercado único cada vez máis extenso. A pesar da errónea idea xeneralizada de que as normativas e as políticas europeas presentan un perfil moi avanzado na protección do ambiente e o desenvolvemento sustentábel, temos moitos e significativos exemplos de que fican subordinadas aos intereses das grandes transnacionais, que exercen un forte poder lobbístico sobre o seu deseño. Desta maneira fican nuns mínimos moi afastados dos obxectivos e actuacións dos países europeos máis avanzados nesta materia.

As políticas de residuos, da xestión da auga e dos ríos, dos espazos naturais, son algúns exemplos notorios. Tras 20 anos da directiva de envases e residuos de envases, xéranse tres veces máis residuos e non se alcanza a reciclar o 10%. Tras 14 anos de adopción da directiva marco da auga, a situación dos nosos ríos e rías continúa a ser de forte degradación. Tamén a Rede Natura 2000 é papel mollado, cando se confronta cos intereses das multinacionais da acuicultura ou da minaría. A política agraria común e a actuación do Estado e das institucións autonómicas en mans do PP están detrás do esfarelamento continuado do noso sector primario, do abandono do rural, da perda de soberanía alimentar e da lacra dos incendios.

4.1.- Defendermos a capacidade real de decisión sobre os recursos naturais da Galiza

Na actual UE hai difícil solución a estes problemas, o que nos leva a reforzar a nosa aposta pola soberanía. Como galegos e galegas, precisamos ter capacidade real para decidirmos libremente sobre o noso ambiente, os nosos recursos naturais e enerxéticos. Galiza, para seguir existindo, precisa preservar o territorio e os recursos propios, desde a capacidade de produción de alimentos, até a paisaxe ou a biodiversidade.

O BNG continuará a denunciar nas instancias europeas os atentados ecolóxicos que se producen no noso país, como viñemos facendo nos últimos anos coa megaminaría, o uso de

químicos na fumigación dos montes, a contaminación das rías ou a xestión do lixo. Impulsaremos igualmente a participación cidadá na toma de decisións que afectaren ao ambiente, en particular nos procesos de avaliación e autorización ambiental.

Con estas iniciativas trataremos de evitar a autorización ou mesmo o apoio económico a actividades moi impactantes e espoliadoras, e exixiremos e garantiremos que os fondos comprometidos cheguen ás verdadeiras actuacións para a protección da natureza e aos proxectos de desenvolvemento sustentábel.

No eido enerxético, nos últimos anos a UE rebaixou os obxectivos en materia de eficiencia enerxética e enerxías renovábeis, co que se trincou a posibilidade de atinxir unha maior presenza de enerxías renovábeis no “mix enerxético”, e aumentou a xa forte dependencia exterior da UE en materia enerxética. A eficiencia enerxética precisa dunha política clara na UE, que aposte decididamente por aqueles sistemas que consuman menos recursos.

Para isto, o BNG traballará en favor de, entre outras, as seguintes medidas:

- Exixir a adopción dun réxime de responsabilidade obxectiva e ilimitada no caso de catástrofes ecolóxicas e danos ao ambiente e que abranza todo tipo de sinistros: vertidos por hidrocarburos, enerxía atómica, contaminación atmosférica.
- Impulsar un sistema de transporte e mobilidade baseado nos medios menos contaminantes, en particular o transporte público, a intermodalidade e a conexión de proximidade.
- Adoptar unha política preventiva respecto dos organismos transxénicos, así como dos insecticidas neurotóxicos e outros químicos perigosos, aplicando de xeito estrito o principio de precaución para evitar o seu cultivo e comercialización mentres non existir total garantía de inocuidade para a saúde humana e o ambiente.
- Reclamar o incremento do orzamento comunitario destinado á xestión das redes de conservación da natureza e hábitats singulares, en especial a Rede Natura 2000. Garantir a transparencia e o control das actuacións subvencionadas, para convertelas en verdadeiras oportunidades de desenvolvemento local.
- Denunciar a normativa europea que permite, e mesmo incentiva e promove, a espoliación e privatización dos espazos naturais por megaproxectos de minaría, acuicultura, urbanismo, enerxéticos ou doutro tipo. Combateremos os intereses especulativos das multinacionais mineiras na adopción da nova directiva de materias primas, e exixiremos á UE a prohibición do uso de cianuro e das prácticas impactantes da megaminaría. Nesta mesma liña, rexeitamos a fractura hidráulica (fracking) como vía para explotar determinados recursos enerxéticos.
- Apostar pola soberanía enerxética dos pobos e polas enerxías renovábeis, para amortecer os efectos da dependencia enerxética exterior e rebaixar as emisións de gases efecto invernadoiro, co acceso prioritario aos mercados da enerxía procedente de fontes renovábeis. O BNG pulará por acadar, e, mesmo superar, os obxectivos marcados pola Unión Europea de cara ao 2020, no que se refire ao aforro enerxético e

á redución de emisións contaminantes a partir de recursos renovábeis autóctonos e a descentralización enerxética. Deste xeito, concederáse prioridade á soberanía enerxética e á equidade social e internacional, baixo procesos de control público sobre un sector estratéxico como é o enerxético.

- Revisar o mercado dos dereitos de CO₂, para penalizar aquelas fontes enerxéticas altamente contaminantes, e baixar o nivel de emisión dos gases efecto invernadoiro con carácter xeral e, en especial, no sector enerxético.
- Denunciar a xestión de residuos desenvolvida na Galiza por SOGAMA co apoio e financiamento da UE, e exixir o financiamento público da prevención, a reciclaxe e a compostaxe, así como a penalización da incineración e o vertido.
- Superar o financiamento con fondos da UE ás actuais políticas forestais, ambiental e socialmente agresivas, e que nas últimas décadas foron causa dos lumes e empobreceron a biodiversidade dos nosos bosques e a súa función económica e social.
- Exixir o saneamento integral das rías, denunciando o seu estado e a necesidade de control efectivo da execución do seu saneamento, como prioritario.
- Dar prioridade á adopción de políticas verdes, ao impulso das tecnoloxías limpas, á eficiencia tecnolóxica e o aforro enerxético, en particular a través da promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a creación de postos de traballo neste eido.
- Rexeitar a política de patentes na biotecnoloxía, ademais de incorporar un marco regulatorio que intensifique o control público sobre as innovacións biotecnolóxicas.
- Defender unha estratexia europea arredor do benestar e protección dos animais domésticos, cunha postura contundente contra o comercio ilícito.
- Defender a protección animal, suprimir calquera axuda comunitaria, directa ou indirecta, a espazos relacionados coa tauromaquia, e impulsar as modificacións normativas necesarias para impedir a realización de touradas en Galiza. Así mesmo, impulsar unha directiva comunitaria que impida todo uso de animais en espectáculos itinerantes ou como reclamo de actividades de ocio, e reforzo da normativa comunitaria sobre establecementos zoolóxicos e acuarios, incidindo na reconversión e creación de instalacións de recuperación de fauna silvestre.

1.2.- A cohesión territorial

O deseño das políticas de cohesión territorial desde as instancias comunitarias non teñen en conta os pobos e as nacións europeas. Así, o deseño da política de transportes e redes transeuropeas discrimínanos tanto no que atinxe ao seu financiamento como á priorización das redes de transporte que conectan co centro de Europa e á intensificación do orzamento nas grandes aglomeracións metropolitanas europeas.

O BNG defenderá unha política de desenvolvemento territorial que vertebre o territorio e teña en conta a condición periférica da Galiza e a escaseza de conexións coas redes transeuropeas de transporte –por estrada, ferroviarias e marítimas dos nosos portos. Por

todo isto, O BNG defenderá:

- A adopción dunha política de transportes que promova os transportes públicos, as conexións ferroviarias e as conexións aéreas directas da Galiza co resto da UE.
- O impulso das autoestradas do mar que conecten os portos de interese xeral galegos cos portos europeos e mundiais.
- A intermodalidade e a interconexión dos distintos modos de transporte para garantir un servizo máis accesíbel en todo o territorio europeo.

5.- Contribución da Unión Europea a unha orde internacional desigual e xerarquizada

A política exterior da UE caracterízase pola falta dun deseño propio, asumindo un papel subordinado ao expansionismo estadounidense, aliándose a UE as máis das veces coas posicións imperialistas e as ocupacións e invasións ilexítimas, reforzando o papel de Europa como colaboradora necesario nas agresións militares capitaneadas pola OTAN e os USA. Caracterízase, xa que logo, por asumir o atlantismo, en canto que ferramenta dos Estados Unidos para dar lexitimidade e apoio á súa dominación imperialista, baixo o amparo ou a desidia das Nacións Unidas. Tamén na actualidade, a ONU está subordinada aos Estados Unidos.

Mesmo nun contexto onde os USA espían masivamente os dirixentes e a cidadanía europea, a subordinación da UE é tal que un atropelo ás liberdades máis básicas rematou por se saldar cunhas tibias queixas, e no colmo do absurdo, co aliñamento cos USA na persecución de Edward Snowden, a persoa que fixo posíbel que coñecésemos a espionaxe a grande escala que practican os USA.

Así, a UE e a maioría dos países europeos seguiron a estratexia de invasión militar en Libia auspiciada polos USA, unha intervención que baixo a faciana da salvagarda dos dereitos humanos, tentou ocultar as verdadeiras razóns económicas e xeopolíticas. O último episodio deste papel seguidista da UE con respecto aos USA témolo no recente golpe de estado impulsado polos USA e a OTAN e Ucraína, facilitando a chegada ao poder dun goberno afín, participado por unha forza neonazi.

Ademais, o tratado de libre comercio que nestes momentos se está a negociar cos USA vai supor que as grandes corporacións pasen por riba da soberanía, das leis e regulacións dos estados e dos pobos, o que está a ser o último paso dado pola UE no avance cara á unha orde internacional cada vez máis desigual e xerarquizada.

5.1.- A prol dunhas relacións internacionais baseadas na paz e na solidariedade dos pobos

O BNG defende unha política e unhas relacións internacionais baseadas na paz e na solidariedade cos pobos e as xentes que se atopan na pobreza e na miseria. Deben

impulsarse relacións que afonden na xustiza e na cooperación no desenvolvemento das persoas que teñen menos recursos.

É preciso que a UE defina e poña en práctica unha política internacional propia, orientada ao fortalecemento da ONU, para que desempeñe o papel para o que foi creada, free a política militarista e respecte a soberanía das nacións. Cómpre, igualmente, que sexa capaz de mediar nos conflitos, restabelecer a paz e a democracia sen botar man de agresións de tipo bélico e imperialista.

O BNG no Parlamento Europeo comprométese a:

- Propugnar a construción dunha sociedade realmente xusta, defendendo activamente o exercicio dos dereitos humanos, da igualdade entre os pobos, da loita contra toda discriminación, racial, étnica, de xénero ou social, que favoreza a integración dos e das inmigrantes, e regule e garanta o dereito de asilo, co obxectivo de avanzar cara a un mundo pacífico e estábel.
- Defender políticas baseadas na soberanía dos pobos e contrarias á marxinación, á xerarquización desigual e agresiva, e ao imperialismo, e pular polo desenvolvemento dos sectores produtivos autóctonos.
- Promover a cooperación co desenvolvemento dos países máis pobres e das xentes marxinadas e excluídas, impulsando o combate da pobreza e a redistribución da riqueza, baseada en relacións de xustiza e solidariedade.
- Defender un comercio internacional xusto. Propor na UE novas regras comerciais que aseguren que os acordos comerciais beneficien as poboacións dos países pobres, faciliten o acceso dos seus produtos aos nosos mercados e eviten que a liberalización comercial indiscriminada poida deteriorar a realidade social, económica e ambiental dos países máis vulnerábeis.
- Defender unha política de paz que renuncie explicitamente á guerra preventiva e a calquera agresión militar que conculque a carta fundacional de Nacións Unidas.
- Apoiar a reformulación das relacións internacionais impulsando un modelo afastado do imperialismo militante da OTAN.
- Rexeitar as inxerencias e ocupacións militares doutros países e, por tanto, exixir a retirada inmediata dos exércitos dos estados membros de países ocupados como Afganistán.
- Apoiar o pobo palestino ante as continuas agresións de Israel, impulsar a axuda financeira á Autoridade Nacional Palestina e a consecución dun Estado Palestino.
- Apoiar o pobo saharauí na loita pola súa autodeterminación.

IV. O BNG, A ALTERNATIVA NECESARIA PARA A SUPERACIÓN DA ACTUAL UE

As consecuencias que acabamos de describir son a constatación máis evidente do fracaso da UE. O BNG aposta pola superación e a ruptura co actual modelo de Unión Europea, no camiño da constitución dun modelo internacional de cooperación, a partir do respecto á

BNG – BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROGRAMA ELECCIÓN EUROPEAS 2014

soberanía das nacións e dos pobos, das relacións económicas reciprocamente beneficiosas e da defensa da democracia.

Se para que esta mudanza sexa posíbel e efectiva, cómpre saír da unión monetaria e do mercado único, apostaremos por defender esta alternativa, como punto de partida para establecer un modelo favorábel ao desenvolvemento de Galiza, a partir do exercicio da soberanía no eido político, económico e social ao servizo dos intereses das maiorías sociais. Desde esta posición avogaremos por construír unha Unión Europea, sen exclusións, fundamentada nos dereitos das nacións, na xustiza social e no desenvolvemento harmónico.

Por iso a nosa resposta non é “máis Unión Europea” senón “máis Galiza noutra Europa fundamentada na igualdade de todos os pobos e nacións”. As propostas que inciden nunha maior integración Europea só contribúen a acelerar o proceso cara a un modelo antidemocrático e antisocial europeo guiado polos lobbies financeiros e o dominio xermano.

Temos a firme convicción de que o impulso decidido á soberanía das nacións en Europa, entre elas Galiza, rompendo coa subordinación ao Estado español, é o xeito máis seguro para camiñar cara a un modelo sociedade máis aberta, xusta e igualitaria.

Para avanzar na solución á crise impulsaremos unha Europa democrática, que recoñeza a soberanía dos pobos e defenda o dereito de autodeterminación, que mude o modelo social e económico imperante. Neste sentido, tamén expresamos o noso apoio ao referendo de Escocia e á consulta en Catalunya, e reclamaremos, tanto no Parlamento europeo como noutras institucións e foros europeos e internacionais, que a nosa nación, Galiza, aspire igualmente a determinar de forma democrática e sen inxerencias externas o seu futuro.

Ademais, o BNG defenderá políticas estruturais transformadoras que avancen na dirección de superar a actual UE como as seguintes:

- Auditoría na débeda pública e privada do Estado español, insumisión ante o pagamento da débeda ilexítima, que hipoteca o futuro dos pobos.
- Revisión a fondo da política monetaria, baixo a necesidade de que se articule en función da soberanía dos pobos e adopte como principio a loita contra o desemprego. Control democrático das institucións monetarias, nomeadamente do Banco Central Europeo.
- Rexeitamento do Pacto do Euro Plus (2011) e do Pacto Europeo de Estabilidade e Crecemento (2012), que deberán ser derogados, abandonando as nefastas das políticas de “déficit cero” dando paso a novas bases económicas fundadas nos obxectivos de xeración de emprego, dereito a producir e cohesión social.
- Rexeitamento da inxerencia e tutelaxe da Troika nas decisións internas de estados e pobos.
- Anulación do Memorando de Entendemento, baixo os que se articulan os rescates bancarios. Negativa a asumir rescates de entidades financeiras con axuda pública

incondicionada. Demandaremos que sexan os e as accionistas e os equipos directivos dos bancos os que asuman as perdas, garantíndose que se devolva integramente os fondos públicos inxectados e exixindo a devolución íntegra dos aforros dos/as aforradores/as enganados/as.

- Impulso de procedementos democráticos de toma de decisións, para o que cómpre restrinxir a actuación dos lobbies dos grandes poderes económicos.
- Rexeitamento do Tratado de Libre Comercio que se está a negociar cos USA.

V. O DEVALAR DA GALIZA NA UE

A ausencia de soberanía e a dependencia do Estado español vén agravando historicamente a situación económica e social a Galiza. Desde que se produciu a integración no Estado español, Galiza tivo unha posición periférica, que a relegou economicamente, perdendo tanto capacidade produtiva como poboación ao longo de décadas desde finais do século XIX e ao longo de todo o século XX.

A entrada na CEE e a pertenza á UE acrecentou a ese declive experimentado polo papel dependente concedido a Galiza no marco estatal un pesado lastre adicional para o desenvolvemento de sectores estratéxicos da nosa economía como o agro, a pesca ou o naval. A destrución da capacidade produtiva nos territorios periféricos da UE ten un impacto especial na Galiza, por sermos periferia da periferia.

Dunha banda, os deseños europeos non teñen en conta os intereses da Galiza, con claros exemplos de discriminación, como o veto ao estaleiro de Navantia-Fene, o inxusto reparto da Política Agraria Común (PAC) para o noso agro ou a situación da pesca galega. A Política Común de Pesca (PCP) provocou que Galiza fose o territorio europeo que perdeu máis frota e postos de traballo no mar neste período e limitou e limita as posibilidades de desenvolvemento e xeración de riqueza do sector.

Doutra banda, a nosa falta de soberanía impide sermos suxeito político de pleno dereito en Europa. Négase, así, a representación e a negociación directa de acordo cos nosos intereses. Deste xeito, a dependencia do Estado español agravou o impacto das políticas da UE na Galiza. Desde as negociacións da entrada do Estado español na CEE, onde o goberno do PSOE deu prioridade á horta mediterránea fronte aos intereses galegos, até a actualidade, a defensa dos nosos intereses nunca foron unha prioridade para os gobernos estatais, que sacrificaron as nosas aspiracións fronte ás doutros territorios do Estado español.

Os fondos de cohesión son xestionados polo Estado español con criterios centralizadores, privilexiando infraestruturas como a T-4. As directrices dos fondos estruturais decídense en Madrid e foron aplicados a infraestruturas e proxectos de discutíbel interese social e estratéxico para Galiza. Nos fondos agrarios e pesqueiros a nosa participación é moi inferior ao que nos corresponde e, en boa parte, foron destinados a abandono de explotacións e desmantelamento de barcos e, ademais, condicionaron o impulso de políticas propias. Así,

vemos que o reparto da PAC no Estado español está deseñado para os terratenentes absentistas de secano, convertidos agora da man do PP en auténticos PAC-tenentes, posto que son os que se apropiarán da maior parte dos fondos. Coa última reforma da PAC os países poden fixar os seus propios criterios de distribución. Aplicando, por tanto, outros criterios máis xustos, tal e como fan noutros países, Galiza recibiría máis do dobre de fondos.

1.- A perda de capacidade produtiva e emprego na Galiza

Desde a entrada na CEE, na Galiza podemos falar dunha importante perda de peso relativo no eido produtivo, tanto en termos de PIB como de emprego. Con respecto ao PIB, pasamos de representar máis do 6% do PIB do conxunto do Estado español a sermos algo máis do 5,5%, medio punto porcentual que supón 5.000 millóns de euros ao ano. Cando Galiza entrou na CEE, representaba máis do 9% do emprego do Estado español, e actualmente estamos no 6%. Estes tres puntos de menos supoñen medio millón de postos de traballo; en vez do case un millón que hai actualmente serían 1'5 millóns, de mantermos o mesmo peso porcentual. Para explicarmos esta evolución non abonda con referírmonos ao "mercado", senón que tamén temos de falar de decisións claramente discriminatorias en sectores produtivos chave que teñen unha influencia capital neste proceso.

2.- O remate da marxinação do sector pesqueiro galego

O sector pesqueiro galego continúa unha situación de discriminación, formalizada e institucionalizada na Política Común de Pesca (PCP). Normas discriminatorias como o Principio de Estabilidade Relativa continúan vixentes e padecemos medidas coercitivas día tras día: imposibilidade de pescar determinadas especies; despezamentos; cota da xarda. A presenza do BNG no Parlamento Europeo debe ser o garante para rematar con esa historia de marxinação, defendendo o principio básico de igualdade para garantir a viabilidade deste sector produtivo. Para isto, o BNG defenderá no Parlamento Europeo as seguintes medidas:

- No ámbito institucional, o BNG reclamará establecer un novo estatus institucional para Galiza na UE en materia pesqueira, recoñecendo formalmente o seu carácter como "Zona Altamente Dependente da Pesca", e posibilitando a súa presenza, con dereito de decisión e obxección, nas institucións comunitarias onde se adoptaren decisións en materia pesqueira.
- Defenderanse as competencias da Galiza en materia pesqueira, en ámbitos como o comercial, na determinación de tallas mínimas, artes, capacidade inspectora, ou na fixación de áreas de veda no noso litoral.
- Reclamarase a derogación do "Principio de Estabilidade Relativa", que consagra a discriminación da nosa frota en augas comunitarias, nomeadamente no Gran Sol, e a erradicación dos privilexios que benefician a determinados estados.
- Canto aos fondos estruturais, o BNG defenderá a existencia de fondos que permitan:
 - A renovación da frota pesqueira, a súa modernización, nomeadamente na frota de baixura, para a súa consolidación e a mellora das condicións de traballo,

- habitabilidade e seguraza a bordo.
- O impulso do marisqueo, co desenvolvemento de maquinaria para limpeza, arados...
- Defenderase o acceso a fondos vinculados á mellora do marisqueo, saneamento, depuración, recuperación de zonas de produción e das poboacións do litoral.
- Reclamarase o cambio de modelo de TAC e cotas por outro baseado en criterios socioeconómicos co obxectivo de garantir a sustentabilidade da frota artesanal, e exixirase a diferenciación entre a actividade extractiva industrial (fariña) e a que se realiza para consumo humano.
- Defenderase a pesca artesanal, que quedará exenta dos TAC que se aplicaren ao resto da frota. O seu papel é primordial pola utilización de artes selectivas.
- Canto á regulación dos mercados, defenderase un escrupuloso control das importacións, especialmente ante as prácticas de “dumping” e competencia desleal cos produtos pesqueiros e marisqueiros galegos, co obxectivo de acadar a estabilidade de prezos. Ademais a etiquetaxe de todos os produtos procedentes do mar debe identificar a súa orixe de maneira que se poida identificar a zona específica de captura, tanto nos frescos como nas conservas, conxelados e procesados.
- Negociación de novos acordos pesqueiros: introdución de buques galegos no acordo de Mauritania e Marrocos, asinamento de novos protocolos con Guinea Conakri, Angola, Senegal, Namibia, Sudáfrica e EUA, posibilitar a presenza galega en Grenlandia, así como mellorar as condicións de pesca en organizacións multilaterais como NAFO ou ICCAT, dotándoos de estabilidade.

3.- Defensa do agro galego e aposta pola soberanía alimentaria

As últimas reformas da PAC veñen abandonando progresivamente as facultades de os poderes públicos interviren nos mercados alimentarios como garantía de estabilidade para o sector primario, e, tamén de seguraza e calidade das producións perante o consumidor final. Por outra banda, afondan no peso da distribución alimentaria, limitando a capacidade de definir políticas agrarias propias en función dos recursos de cada pobo.

Precisamente o BNG considera necesario retomar como principio básico da política agraria a soberanía alimentaria de cada pobo, onde resida a facultade de definir as propias políticas agrarias e alimentarias consonte os seus recursos e obxectivos de desenvolvemento sustentábel. Baixo esa premisa, Galiza debe poder protexer o seu mercado alimentario doméstico, evitando a importación de produtos que ten capacidade de producir, e consolidando un modelo de produción agraria baseado na proximidade, na redución de intermediarios e na ruptura co modelo implantado na Organización Mundial do Comercio (OMC), fortemente influenciado polas grandes multinacionais da alimentación e os mercados financeiros.

A actuación do BNG no Parlamento Europeo reivindicará unha posición activa para regular

desde a esfera pública o funcionamento dos mercados de alimentos, en especial aqueles de carácter básico para a poboación, de xeito que se garanta a estabilidade nas rendas e mercados alimentarios. Así mesmo, o BNG impulsará que a PAC actúe como mecanismo de apoio directo ás rendas dos agricultores e agricultoras. Con estes obxectivos estratéxicos, proporemos as seguintes medidas:

- Garantir os recursos económicos suficientes para manter unha PAC que permita soste o noso modelo de agricultura e responder ás demandas da sociedade galega e do conxunto de nacións de UE.
- Promover unha PAC que contribúa a corrir os desequilibrios existentes no reparto das axudas aos/ás profesionais do sector agrario e que potencie a soberanía alimentaria, a calidade dos alimentos, a protección do ambiente e as funcións sociais e territoriais da actividade agraria. Neste sentido apoiaremos:
 - Unha redistribución das axudas directas á renda de produtores/as que teña en conta criterios sociais como o emprego xerado; a tipoloxía das explotacións, favorecendo as de base familiar, asociativa ou cooperativa, así como aquelas situadas en zonas desfavorecidas; o desenvolvemento de sistemas produtivos baseados nos recursos propios; a potenciación dunha agricultura sustentábel baseada no fomento de métodos de produción compatíbeis coa protección do medio ambiente e coa conservación da biodiversidade.
 - O mantemento do máximo grao de vinculación entre a actividade agraria e o cobro de axudas directas da PAC.
 - O incremento de recursos dirixidos ao desenvolvemento rural.
 - O apoio á agricultura sustentábel, particularmente a produción ecolóxica e tamén as producións destinadas a mercados de proximidade.
- A introdución de mecanismos que permitan que a configuración dos prezos dos alimentos sexa clara e transparente. Particularmente, avogaremos pola regulación precisa das marxes de beneficio en cada elo da cadea alimentaria no caso de alimentos de carácter básico, primando con iso o control da especulación desmedida nas transaccións deses produtos por riba das regras da competencia.
- O mantemento e, mesmo, recuperación, de instrumentos de intervención de mercado eficaces, financiados con cargo ao orzamento comunitario, que evite importantes oscilacións na conformación dos prezos agrarios.
- A aposta polos mercados de proximidade de produtos agrarios, incorporando axudas específicas aos produtores que se acollan a esta comercialización.
- O impulso á produción da agricultura ecolóxica.
- A posta en marcha a nivel da UE de mecanismos de control sobre o comercio exterior intra-comunitario de produtos agroalimentarios destinados a impedir prácticas ilegais ou abusivas.
- No ámbito das negociacións no seo da Organización Mundial do Comercio, que se defenda por parte da Unión Europea a protección do mercado interno face ás importacións.
- A creación dun Fondo Lácteo con recursos comunitarios, como medida destinada a

apoiar economicamente a viabilidade das explotacións leiteiras con perspectivas de continuidade, mais que poden ver lastradas as súas posibilidades de competir en función das desvantaxes comparativas que tiveron que superar pola escasa asignación de cotas de produción, especialmente no caso dos territorios cun maior grao de dependencia do sector lácteo.

- O recoñecemento dos montes veciñais en man común como unha comunidade singular, distintas da propiedade privada ou pública, e que conste dese xeito en toda a normativa, tamén na europea.

4.- Refrotamento do sector naval galego

Galiza viuse afectada por políticas de reestruturación industrial, aplicadas de forma desproporcionada no seu territorio, que provocaron un proceso de desmantelamento ou declive industrial en ramas básicas da súa economía, cun fortísimo custo en termos sociais e de capacidade produtiva. Así aconteceu na conserva de peixe, a siderurxia, os fertilizantes e especialmente no sector naval, onde a UE continúa a manter o veto sobre o estaleiro de Navantia en Fene para este poder dedicarse á construción naval civil.

O BNG considera estratéxico o sector naval para o noso desenvolvemento económico e a creación de emprego polo que demandará:

- Impulsar o levantamento inmediato do veto que establece a UE para o estaleiro de Fene, recuperándoo para a construción naval civil, ademais de acabar coas limitacións produtivas no campo do sector civil que padece Navantia.
- Acompañar o levantamento do veto dun programa de axudas públicas que implique investimentos e actualización tecnolóxica do estaleiro precisos para poñelo en plena operatividade.
- Garantir unha incorporación ao mercado non discriminatoria e tamén a non imposición de medidas penalizadoras ante os incentivos que se estableceren para a recuperación da actividade.

5.- O principio de cohesión na política tecnolóxica e de fondos europeos

A Unión Europea asumiu formalmente a importancia da política tecnolóxica, desenvolvendo unha política de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico que se basea en programas marco plurianuais, en especial no de I+D. Neste contexto resulta especialmente necesario que a aplicación do principio de cohesión, forme parte constitutiva do deseño da política tecnolóxica comunitaria, co obxectivo de reducir as disparidades nas capacidades tecnolóxicas dos distintos territorios da Unión. Mais a experiencia das últimas décadas mostra que non se fixo así nin na UE nin dentro do Estado español.

O principio de cohesión tamén debe ser o garante de que nacións periféricas como Galiza

BNG – BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PROGRAMA ELECCIÓN EUROPEAS 2014

continúe a percibir Fondos Estruturais, pois é o único instrumento da UE que contrarresta as dinámicas de crecemento desigual que provoca o mercado común. O BNG defenderá nas estancias europeas que Galiza os xestione directamente, co obxectivo de deseñar políticas que permitan converxer cos niveis de renda media europea.

Así, o BNG defenderá as seguintes iniciativas:

- Reclamar a xestión galega de todos os Fondos Europeos aos que Galiza teña dereito.
- Defender unha política de I+D e de Innovación que incremente substancialmente o volume de recursos postos en xogo pola Comisión Europea no Programa Marco e noutros Fondos Tecnolóxicos, e que introduza criterios de cohesión territorial na súa distribución, así como medidas de reforzamento das figuras financeiras de investimento en novas actividades innovadoras, como o capital risco e os "*business angels*", con programas específicos para as rexións de converxencia.
- Defender na Unión Europea modificacións no reparto dos Fondos de Cohesión, para que sexan destinados e xestionados polas comunidades con menores niveis de renda *per cápita* do Estado.

6.- Galiza con voz propia na Unión Europea

A presenza de Galiza na Unión Europea neste momentos avogará, sobre todo, pola ruptura e a superación do actual modelo no camiño dunha construción alternativa noutras coordenadas do punto de vista nacional, económico e social. Por iso, a voz do BNG contribuirá ao avance cara a unha Europa realmente democrática, que, partindo do recoñecemento do status político e institucional de todos os pobos e nacións existentes, supere o actual modelo de construción europea, que afonda na concentración da riqueza, e no incremento das desigualdades tanto sociais como territoriais, o cal afecta dun xeito especial a pobos, como o caso de Galiza, da periferia europea.

Por tanto, a presenza de Galiza vén xustificada pola elemental defensa da participación directa en asuntos que lle afectaren. Para alén disto, cómpre ter voz para mudar a fondo un modelo de integración europea xerarquizada e desigual, cuxos efectos devastadores -en termos de destrución da capacidade produtiva e do emprego- poden verse na nosa nación, pois a actual orientación das políticas da UE está agravada pola dependencia e subordinación aos intereses do Estado español, que nos aboca a unha nula capacidade de intervir nas institucións comunitarias en defensa dos nosos intereses.

De xeito parello, en tanto non se conquiste a soberanía para exercer a capacidade real de decisión de Galiza, o BNG demandará que se garanta a participación e presenza directa de Galiza en todas as institucións da Unión Europea no que atinxe, cando menos, ás competencias actuais. O proceso de integración europea supuxo unha ampla cesión de competencias efectuada desde o Estado español ás institucións europeas, co que en moitas materias en que Galiza posuía competencias exclusivas, apenas puido participar a través das

BNG – BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PROGRAMA ELECCIÓN EUROPEAS 2014

institucións propias. A capacidade da Galiza fica limitada á participación en órganos consultivos en calidade de “asistente” dos representantes do Estado español, mais sen capacidade de voto ou veto na toma de decisións. Cómpre mudar esta situación para que Galiza teña voz e voto tanto nas decisións que afectaren a Galiza no espazo político da UE como na elaboración das políticas vinculantes nos asuntos que afectaren ao noso país.

- Defender o recoñecemento político de Galiza como nación.
- Garantir a presenza de Galiza na delegación estatal nos Consellos de Ministros da UE, con capacidade de veto e voto, sempre que se abordaren asuntos afecten de xeito especial a Galiza.
- Articular un mecanismo de consulta, participación e intervención dos poderes públicos galegos nas decisións que se adoptaren no ECOFIN. Estabelecer os mecanismos necesarios para canalizar esta participación tanto a nivel estatal como a nivel comunitario, para posibilitar a concorrencia das nacións sen Estado.
- Asegurar a intervención directa tanto do Goberno galego como do Parlamento da Galiza nas iniciativas normativas ou execución de programas comunitarios que tiveren aplicación no noso país.
- Garantir a participación da nosa nación na elaboración de políticas vinculantes que afectaren ás competencias exclusivas, así como a concesión da plena capacidade de aplicación e xestión destas.
- Asegurar a xestión directa por Galiza de todos os fondos que lle corresponderen, de acordo cos criterios establecidos, en especial os fondos estruturais e os dedicados as políticas agraria e pesqueira e á investigación e innovación, así como a parte que lle corresponder do fondo de cohesión.
- Estruturar e aplicar directamente as políticas comunitarias da euro-rexión Galiza-Norte de Portugal.
- A adopción en Galiza do fuso horario do meridiano de Greenwich.
- Estabelecer a Galiza como circunscrición electoral nas eleccións ao Parlamento europeo.
- Recoñecer a lingua galega como lingua oficial da Unión Europea, en especial para o seu uso no Parlamento europeo.
- Conseguir o dereito a presentar recursos directamente perante o Tribunal de Xustiza da UE por parte das institucións executivas e lexislativas da Galiza.
- Estabelecer unha delegación da Galiza en Bruxelas, a través dun organismo integramente público, que supere o modelo de representación mixta que exerce na actualidade a “Fundación Galicia Europa”.